- Utilizar con autonomía e progresivamente os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, dixitación, articulación e fraseo.
- Interpretar un repertorio que comprenda obras representativas de diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde a este nivel.

2-Contidos

- Desevolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Práctica de lectura a primeira vista.
- Estudo das escalas e arpejos maiores e menores con distintas articulacións.
- Estudo da literatura solista acorde a este nivel.

3-Avaliación

Mínimos esixibles: A avaliación será continua, e no caso de que o alumno non consiga superar o 50% dos obxectivos xerais do curso e non execute con corrección un estudo do método “12 Estudos para Tuba” ou 3 estudos escollidos de entre os que van do 20 ó 30 do método “Melodious etudes” e dúas das obras propostas para o curso, non promocionará.

Evaluarase a capacidade do alumno para superar o traballo trimestral.

O alumno que falte catro ou máis clases sen xustificar ó longo do curso perde o dereito á avaliación continua. Terá dereito a un exame a final do curso. Este exame consistirá na interpretación de dúas obras e dous estudos dos reflexados na programación, a elección do profesor. As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano.

Os criterios de avaliación teranse en conta trimestralmente, de xeito que se permita unha secuenciación pormenorizada da avaliación continua anual.

4-Metodoloxía

- Daily Exercises.....W.Hilgers
- Flexibilidad.....M.Badia-G.Jacobs
- Tecnical studies.....H.L.Clarke
- 24 Estudos Melódicos.....Vasiliev
- Melodius etudeM.Bordogni.
- 12 Estudos para Tuba.....Otto Maenz
- 60 Selected Studies for Trombone.....C.Kopprasch
- Método completo.....J.B.Arbans
- Gran Método de Tuba.....J.Watell

(Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio epistemolóxico do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico)

No caso de ser preciso, e en previsión dunha boa secuenciación dos obxectivos e contidos, o mestre preparará trimestralmente para todos aqueles alumnos que o precisen, unhas actividades de reforzo que estarán axustadas á mencionada finalidade a criterio do docente.

Obras:

- Effie Suit.....A.Wilder
- Sonata.....B.Broughton
- Euphonium Concerto.....J.Horovitz
- Fantasy.....H.Hoshina
- 1ºSuite para Violonchelo.....J.S.Bach
- Tuba Rapsody.....C.Grudman
- Sonatina.....Koetsier
- Sonate para tuba.....D.Uber

(Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio epistemolóxico do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico)

Escalas:

Escalas e arpejos en tódalas tonalidades.

5-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Ter superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na secretaría do centro antes do 30 de novembro.

6-Medidas de recuperación

Os obxectivos non superados no curso, serán reforzados cun plan individualizado proposto polo profesor.

7-Probas extraordinarias de setembro

No caso de que algún alumno non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao profesional na especialidade de tuba, deberá afrontar unha proba no mes de Setembro coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica. Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito: o alumno en cuestión deberá interpretar dous estudos ou obras dos traballados durante o curso escollidos por el, e un estudo ou obra proposta polo tribunal de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos.

Avaliación:

O alumno deberá interpretar as obras con corrección segundo o criterio do tribunal. Do mesmo xeito deberá comportarse escenicamente cunha corrección similar. Deberá o alumno amosar, coa súa interpretación, que os obxectivos anuais establecidos nesta programación para o

curso lectivo anterior ó que intenta acceder, están acadados alomenos nun 50% da súa secuenciación.

TUBA 6º GRAO PROFESIONAL

1-Obxectivos

- Desenvolvemento dun plan de traballo diario.
- Desenvolver o dominio da técnica e das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.
- Iniciar o estudo de instrumentos afíns
- Interpretar un repertorio que comprenda obras representativas de diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde a este nivel.

2-Contidos

- Inicio na grafía e na interpretación da música contemporánea.
- Desenvolvemento da capacidade do control pulmonar, mediante exercicios de respiración.
- Estudo do rexistro grave e agudo, así como das escalas e arpejos maiores e menores na máxima extensión do instrumento.

3-Avaliación

Mínimos esixibles: A avaliación será continua, e no caso de que o alumno non consiga superar o 50% obxectivos xerais do curso e non execute con corrección 3 estudos do método “21 Etudes” ou 3 do método “12 Estudos para Tuba” e dúas das obras propostas para o curso, non promocionará.

Evaluarase a capacidade do alumno para superar o traballo trimestral.

O alumno que falte catro ou máis clases sen xustificar ó longo do curso perde o dereito á avaliación continua. Terá dereito a un exame a final do curso. Este exame consistirá na

interpretación de dúas obras e dous estudos dos reflexados na programación, a elección do profesor. As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano.

Os criterios de avaliación teranse en conta trimestralmente, de xeito que se permita unha secuenciación pormenorizada da avaliación continua anual.

4-Metodoloxía

- Flexibilidad..... G.Jacobs
- Technical studies.....H.L.Clarke
- 24 Estudos Melódicos.....Vasiliev
- Melodius etudeM.Bordogni.
- 12 Estudos para Tuba.....Otto Maenz
- 60 Selected Studies for Tuba.....C.Kopprasch
- Método completo.....J.B.Arbans
- Gran Método de Tuba.....J.Watelle
- 21 Estudos.....G.Pichaureau

(Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio epistemolóxico do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico).

No caso de ser preciso, e en previsión dunha boa secuenciación dos obxectivos e contidos, o mestre preparará trimestralmente para todos aqueles alumnos que o precisen, unhas actividades de reforzo que estarán axustadas á mencionada finalidade a criterio do docente.

Obras:

- Pantomime.....P.Sparke
- Sonata.....P.Hindemit
- Euphonium Concerto.....Golland
- Solo Concurso.....M.Yuste
- 2ºSuite para Violonchelo.....J.S.Bach
- Tuba Concerto.....E.Gregson

Sonate.....B.Broughton

Concerto do menor.....B.Marcello

(Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio epistemolóxico do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico)

Escalas:

Escalas e arpejos en tódalas tonalidades.

5-Medidas de recuperación

Os obxectivos non superados no curso, serán reforzados cun plan individualizado proposto polo profesor.

6- Proba Extraordinaria de Setembro

No caso de que algún alumno non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao profesional na especialidade de tuba, deberá afrontar unha proba no mes de Setembro coa fin de amosar que acadou os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica. Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito: o alumno en cuestión deberá interpretar dous estudos ou obras dos traballados durante o curso escollidos por el, e un estudo ou obra proposta polo tribunal de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos.

Avaliación:

O alumno deberá interpretar as obras con corrección segundo o criterio do tribunal. Do mesmo xeito deberá comportarse escenicamente cunha corrección similar. Deberá o alumno amosar, coa súa interpretación, que os obxectivos anuais establecidos nesta programación para o curso lectivo anterior ó que intenta acceder, están acadados alomenos nun 50% da súa secuenciación.

PROBA DE ACCESO ÓS DITINTOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE DE TUBA

Grao Elemental:

Tanto para o acceso ó 2º curso coma ó 3º e 4º na especialidade de tuba no grao elemental, os alumnos deberán escoller dúas obras ou textos, dos traballados segundo esta programación didáctica, do curso inmediatamente anterior ó curso ó que pretenden acceder. Un terceiro texto ou obra será aportado polo tribunal e será executado a primeira vista, dispoñendo o aspirante de 5 minutos para a súa preparación.

Avaliación:

O alumno deberá interpretar as obras con corrección segundo o criterio do tribunal. Do mesmo xeito deberá comportarse escenicamente cunha corrección similar. Deberá o alumno amosar, coa súa interpretación, que os obxectivos anuais establecidos nesta programación para o curso lectivo anterior ó que intenta acceder, están acadados alomenos nun 50% da súa secuenciación.

Grao Profesional:

A proba de acceso de instrumento a calquera curso do grao profesional consistirá na interpretación de tres obras (unha delas de memoria) dunha lista que se propón, con acompañamento de piano.

O alumno deberá ir acompañado dun pianista para a proba, aportando dito alumno.

No suposto de que o alumno non dispoña dalgunha destas obras, poderá presentar ó tribunal outras da mesma dificultade e aquel deberá dar a súa aprobación. Polo tanto esta listaxe é orientativa.

O alumno deberá aportar para a proba material orixinal.

-Primeiro curso:

O Isis and osiris.....W.A.Mozart
Divertimento.....Haydn
Recitative song and chorus.....H.Purcell
Largo y Presto.....B.Marcello
Apres un Revé.....G.Fauré
Egotistical elephant.....D.Hartzell

-Segundo curso:

His Majesty the Tuba.....R.Dowling
Elégie.....V.Strukow
Sonata en la mayor.....B.Marcello
O Senhor Biscuit.....J.Durán
Andante-Allegro.....Barat
Andante.....Tcheperin

-Terceiro curso:

Ritual and Celebration.....J.Spears
Sonata.....Galliard
Suite for tuba.....H.Hadad
Sonata.....B.Marcello

-Cuarto curso:

Sonate.....H.Eccles
Lyric Suite.....D.White
Solo de concierto.....Marcello
Sonata nº6.....Haendel

-Quinto curso:

Fantasia.....G.Jacob
Konzert nº1.....A.Lebedjew
Sonata en Sib Mayor.....A.Vivaldi
Tuba Rapsody.....G,Grudman
Fantasia.....J.A.Arbans
1º Suite para violonchelo.....J.S.Bach

-Sexto curso:

Solo de concurso.....M.Yuste
Effie Suite.....A.Wilder
Blue bells of Scotland.....Pryor
Tuba Concerto.....E.Gregson
Sonate.....P.Hindemit
2º Suite para violonchelo.....J.S.Bach

Avaliación:

O alumno deberá interpretar as obras con corrección segundo o criterio do tribunal. Do mesmo xeito deberá comportarse escenicamente cunha corrección similar. Deberá o alumno amosar, coa súa interpretación, que os obxectivos anuais establecidos nesta programación para o curso lectivo anterior ó que intenta acceder, están acadados alomenos nun 50% da súa secuenciación.

METODOLOXÍA ADAPTADA ÁS NECESIDADES DOS ALUMNOS DE CONSERVATORIOS

Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

Fomento da lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu

interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

Funcionalidade dos contidos

O tratamento dos contidos desta Programación fundaméntase nas seguintes ideas:

- As características psico-evolutivas do alumnado, desde un punto de vista xeral e en relación con a psicoloxía da música.
- A evolución corporal e psíquica que o alumnado experimenta neste curso.
- O modelo didáctico constructivista, así como a aprendizaxe significativa.
- A consideración de a validez e oportunidade do currículo, que ofrece un potente punto de partido.
- A globalización, de maneira que se obviar aqueles contidos que resultan ser o tratamento doutros, ou consecuencia directa deles.
- Os coñecementos previos adquiridos polo alumnado no grao profesional.
- A carga horaria para este nivel.

Atención á diversidade

Nas actividades de clase:

A elaboración da P.D. debe partir da consideración de que unha aprendizaxe funcional vai máis aló da mera posible futura aplicación práctica dos coñecementos apresos (de forma que sexa posible proveitalos de forma inmediata e autónoma por parte do alumnado), senón que poidan ser empregados cara á adquisición doutras aprendizaxes diferentes aos propios da trompa, ben referidos a outras materias ou ben á súa formación xeral.

A) Con relación á materia

Tratarase a funcionalidade dos seus contidos, considerando as relacións entre eles, de forma que o alumnado necesite utilizar o xa aprendido para interiorizar os que se estean tratando nese momento

Será fundamental en todo momento partir das aprendizaxes adquiridas durante cursos anteriores, profundando nos seus anteriores coñecementos, facilitando a adquisición autónoma das aprendizaxes.

B) Con relación ao resto de materias

Para elaborar este punto, retomarase o xa exposto sobre as relacións interdisciplinares, pero considerando agora a relación da materia coas que cursará nos cursos seguintes, partindo do nivel escollido. Unha vez comentadas as súas particularidades en liñas xerais, buscaranse contidos concretos presentes no currículo desas materias, e estableceranse relacións directas entre os contidos futuros a tratar en devanditas materias e os tratados na P.D.

Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Esta programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades educativas específicas. Trátase dos alumnos estranxeiros, dos superdotados e de loa que posúan necesidades educativas especiais, sexan discapacidades físicas ou psíquicas.

Superdotación intelectual:

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Xa que logo, xunto ás necesidades educativas dos superdotados habemos de engadir as daqueles individuos do grupo que teñan talento musical.

Ao tratar a formación musical en superdotados hai que ter en conta que se fai necesaria unha explicación que poida parecer lóxica e coherente para as actividades a realizar. A capacidade intelectual do individuo pídelle continuamente a xustificación do porqué efectúase un exercicio que, aparentemente, non teñen ningún fundamento teórico; isto é algo habitual nun curso no que os contidos procedimentais priman sobre os conceptuais. Poñamos por caso o concepto de pulsación: non basta unha definición, senón unha práctica directa. Facer ver ao alumnado superdotado que o fundamento do exercicio é a apreensión práctica do concepto,

axúdalle na súa práctica, vencendo o retraemento que posúen, ademais de favorecer a súa integración no grupo. Por outra banda, a súa afección ás cuestións de índole intelectualista oríentalles facilmente cara á lectura musical e a audición de obras, o que completará a súa formación de xeito evidente e obvia.

Faise necesario elaborar un programa específico con este alumnado, con maior atención ás súas necesidades, pero á vez facéndolle participar nas actividades colectivas que se realicen.

A superdotación intelectual non significa unha superdotación no terreo da interpretación.

Superdotados instrumentais:

Os suxeitos superdotados poderán progresar máis rapidamente nos seus estudos. No entanto para o acceso aos estudos superiores requírese unha idade mínima de acceso, polo que ata non cumprida esa idade, o alumno poderá seguir no centro, tendo unha moi especial atención aos seus progresos.

Actividades extraescolares

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc. Os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Neste apartado realizarase unha pequena análise do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo como son: alumnado con incorporación tardía o sistema educativo español, alumnado con altas capacidades intelectuais, e alumnado con necesidades educativas especiais.

-Incorporación tardía o sistema educativo español: Os principais problemas os que se refire este apartado son a comprensión do idioma e as tradicións propias da súa cultura. O papel do profesor será un papel integrador coidando en todo caso que as actividades plantexadas respondan a este principio en todo momento, aproveitando o máximo as capacidades de cada alumno en canto os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo.

-Alumnado con altas capacidades intelectuais: Defínese este alumnado como aquel que posúe:

- Unha capacidade intelectual superior a media.
- Un alto grao de creatividade, capaz de producir contidos mentais novos ou sorprendentes.
- Alto grao de motivación e perseveranza.

O Real Decreto 943/2003 regula as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con altas capacidades intelectuais. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade de tempo establecido con carácter xeral.

- Alumnado con necesidades educativas especiais: Trátase de persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar dunha adecuación dos elementos do currículo ou dunha adaptación dos recursos materiais. As axudas técnicas que con maior frecuencia require este alumnado son:

- Eliminación de barreiras arquitectónicas, co fin de posibilitar o acceso a todos os espazos do centro escolar.
- Mobiliario adaptado, que permita facilitar o control postural do alumnado e a colocación funcional para o traballo na clase.

- Materias escolares adaptados: bases antideslizantes, apoiadores, correas, etc...

Ademais de outros como as tecnoloxías de información e comunicación, así coma recursos que deben aparecer no PEC do centro para axudar na labor docente do profesor.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme sucédense os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade de dito alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1) Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan aos diferentes graos de aprendizaxe.

2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno/a.

3) Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dous contados da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con esixencias distintas.

4) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

5) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

6) A adaptación dos obxectivos e dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

CLASE COLECTIVA

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como son o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música cabe mencionar a capacidade de apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas e tamén de interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para despertar unha motivación lúdica entre os alumnos. En xeral, é máis estimulante e divertida que a clase individual. Isto contribúe á socialización e ao crecemento persoal dos alumnos, que servirá para evitar inhibicións e desenvolver neles seguridade, autonomía e liberdade.

A clase colectiva cumpre algunhas funcións musicais puramente técnicas, derivadas da concentración. Ao facer música en grupo mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación.

Para rematar, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada ao traballo individual e ha de integralo nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta

disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar os demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final. Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenvolvemento de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións ás que o alumnado terá que enfrontarse na vida adulta.

Obxectivos:

-Ser capaces de interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

-Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

-Introducir de xeito sinxelo a historia do instrumento, así como compositores que escribiron para si mesmo, autores de métodos, intérpretes importantes...

-Coñecer obras importantes e curiosidades do repertorio do instrumento a través da realización de audicións.

-Ler á primeira vista partituras de grupo sinxelas, con control da afinación e equilibrio sonoro.

-Realizar pequenas improvisacións.

Contidos:

-Dúos, tríos, cuartetos ou outras formacións para interpretar en grupo.

-Audicións de concertos, sonatas, pezas, etc.

-Visionado de vídeos relativos ao instrumento, tanto de concertos coma da súa historia.

-Sesións de relaxación.

-Lectura á primeira vista de pequenas obras.

-Improvisar pequenos fragmentos de acordo co nivel de cada alumno e posteriormente tratar de harmonizalos para a súa interpretación en grupo, sempre de forma razoada e sinxela para a mellor comprensión do alumno.

-Posta en común das obras traballadas durante o curso.

-Adestramento da coordinación nas entradas e finais das obras, así como da consecución dos matices en grupo.

Metodoloxía:

Será activa e participativa. Estará baseada no contacto frecuente entre o profesor e o alumnado. Esta programación adaptarase ao nivel dos alumnos e ao seu ritmo de traballo.

Para traballar as obras, todo o grupo lerá simultaneamente cada voz, co fin de achar as dificultades que entrañan, e posteriormente, o profesor asignará unha voz a cada alumno co fin de interpretala en grupo. Traballarase a obra en pequenos fragmentos ata chegar á súa interpretación completa.

Repertorio:

O repertorio a traballar será proposto polo profesor atendendo ó nivel do alumnado.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO.

-Realízase un mínimo dunha audición por trimestre, con acompañamento de piano se as obras así o requiren, o pianista será o adxudicado para acompañar aos alumnos de trompeta. Os ensaios co pianista serán dentro do horario do profesor de piano e dependerá do alumno elixir o día e a hora para os ensaios pertinentes baixo a tutela do profesor dá materia.

-Durante o curso realizarase un cursiño de formación onde profesores de prestixio impartirán clase aos alumnos matriculados nos cursos, é importante que os alumnos matricúlense e asistan ao curso xa que é moi interesante para a súa plena formación como músicos.

-Tamén se levará a cabo unha conferencia sobre a construción de instrumentos de vento metal con técnicas históricas, que potenciará o carácter humanista que se persegue na formación do alumnado.

-Se procurará coordinar con centros de ensinanza infantil, primaria, etc. diversas actividades didácticas relacionadas co conservatorio (concertos didácticos, exposicións, talleres musicais...).

DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN.

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán ao alumnado e aos seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a.

PROCEDEMENTOS PARA A EVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos/as: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polo alumnado, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que o profesorado estime necesario. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental do alumnado.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores, etc. En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

ANEXO I

MATRICULAS DE HONRA

A matrícula de honra concederase ao alumnado matriculado en calquera curso do grao elemental e profesional que consiga unha cualificación mínima de 9 ao final do curso.

As Matrículas de honra serán propostas polo departamento a instancia do profesor e elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica. O número total de Matrículas de Honra non poderá superar o 10% do total de solicitudes do centro.

ANEXO II

PREMIOS FIN DE GRAO

O premio de fin de Grao concederáse aos alumnos que rematen sexto curso de grao profesional cunha cualificación media de 8, polo menos e se presente á proba anual correspondente. Estas probas levaranse a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. Formarase un tribunal especial para a ocasión e expedirase un diploma acreditativo que testemuñe a súa obtención. Os alumnos que cumpran estes requisitos e pretendan acadar o mencionado premio na especialidade de tuba deberán afrontar unha proba práctica, que consistirá na interpretación de dúas obras con acompañamento de piano. Unha delas será de escolla por parte do alumno que deberá revestir unha dificultade técnica e interese musical similar á obra obrigada, que no caso dos que a afronten con tuba será:

Sonate.....P. Hindemith

No caso de que se afronte con bombardino será:

Solo de concurso.....M. Yuste

Avaliación

O alumno deberá interpretar as obras con corrección segundo o criterio do tribunal. Do mesmo xeito deberá comportarse escenicamente cunha corrección similar.